

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2022/G007/000008.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión EXTRAORDINARIA do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello (Praza Maior, 1) o vindeiro xoves, día 23 de xuño de 2022, **ás 13,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

APROBACIÓN MUNICIPAL, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO PARÁGRAFO TRES DA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS (CMATI) DO 29-04-11 (DOG Nº 94 DO 16-05-11), DA PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", REDACTADO POR EPYPSA, RELATIVA Á SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA DO 13 DE OUTUBRO DE 2020.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,